

CASTELAO NO TEATRO GALEGO

Por LEANDRO CARRE

Alfonso R. Castelao, o dibuxante humorístico galego coñecido en todo o mundo e en todo o mundo estimado como ún dos máis grandes artistas na súa cras da caricatura, non só polos deseños dos tipos característicos, cal pode apreжаться no seu libro "Cincuenta homes por dez reás", ou as súas mainíficas colaboracións en xornáes diarios e revistas diversas, que amostan moitos cadros tráxicos no fondo e satíricos na forma e nos pés intenzoados que lles poñía aos seus deseños, espertando os sentimentos acusadores das inxusticias, dos danos, das cobizas que cangaban riba dos galegos; impostas polos gobernos ou por homes de diferentes e varias circunstancias e posizóns que os tiñan asoballados, coma se foran verdadeiros e podentes caciques.

E cando a "Irmandade da Fala Galega", da Cruña, realizou aquela grande campaña de afirmazón e progreso do Teatro Galego no seu local social onde constituíu un "Conservatorio de Arte Galega", Castelao quixo contribuíre ao seu bón éisito, e falou do seu intento de facer unha obra en dúas xornadas ou actos: 1.^a A representazón dunha casa labrega, na que a familia toda choraba a morte dunha vaca, a súa vaca, e laiábanse por ela coas mesmas verbas dooridas coma se for por unha persoa querida. Isto facería rír moito o público con tal pranteo. Na 2.^a xornada, ou acto, unha escena esaitamente igual, inda que falando en castelán; mas, chorando e laiándose do mesmo xeito, nunha sala ben posta dunha casa rica da cidade e de señoritas moi finas, que teñen unha cadelíña de lans, morta, nunha camiña de vimbio moi linda, con sáboas orladas de fermosos encaixes.

—¿Podería ter éisito? —preguntóume. Eu dubidéi. Para mín, o Teatro era algo máis do que iso, entendía que deberíamos tentar de facer arte e tratar asuntos interesantes.

Non sei se chegou a escribir aquelas dúas escenas. Mas, o seu humorismo e máis o seu propósito de contribuíre ao Teatro Galego coa millor intenzón de que poidera engrandecerse esa arte, impulsóuno a crear outra obra que callóu en tres actos e un epílogo, tíduada “Os vellos non deben namorarse”. Esta obra foi publicada en Vigo porla Editorial Galaxia, en 1953, e representada en Buenos Aires. Mas, non puido realizarse na Galiza.

No prólogo da obra publicada aparescéu iste trecho que vou copiar por consideralo interesante:

“Axíña ides ver unha farsa en tres lances, na que se demonstra que os vellos non deben namorarse; pero non pensedes que a miña obra é de tese, non. Trátase apenas dunha síntese artística, ou máis ben artimaña escenográfica onde xogan o amor e a morte de tres vellos imprudentes: o boticario don Saturio, que non aturóu a falcatruada de Lela, e mátase con solimán da súa propia botica; o fidalgo don Ramón, que por un bico de Micaela morre deitado no estercó; o vinculeiro señor Fuco, que por casar con Pimpinela mórrese de falicidade. Son tres faces diferentes dun mesmo drama, contado á maneira galega e para regalía dos que poidan comprender a nosa linguaxe”.

O epílogo da farsa de Castelao, e pola conversa dos esqueletes dos tres vellos malfadados, sabemos que, por se coidaren que aínda estaban en estado de grandeza física pra poderen gozar do amor de, cada ún súa rapariga nova, foi para eles un bon chasco ¡malpocados!

E verdadeiramente tiña razón o grande humorista, o caricaturista insinne, que os vellos non deben namorarse. Esta deliciosa comedia, chea de gracia e interés que veu arrequentar as boas producións do noso Teatro Galego que no ano 1936 tiña xa unha cantidade e máis unha calidade moi estimábele como se probóu no decurso dos anos devanceiros coas realizacións efectuadas a partir do 1903.

Naquela tempada eu logréi anotar os tíduos dunhas duascentas obras de diferentes autores, moitas das que foron representadas con sinceiros aprausos polos púbricos das cidades e vilas da Galiza. E para demostrar isto vou citar algúns dos grupos teatraes dos que máis se distinguiron polas súas actuacións; co

que se demostra tamén que certos críticos descoñecedores de taes feitos, digan, por exemplo: "Que non eisiste un Teatro Galego real e efectivo", ou "Si repasamos con crítica ouxetividade, o panorama teatral da Galiza, revélasenos un abondoso índice de chabacanerías e poucas salvazóns", ou estoutra torpe, falsa e malintenzoadá frase: "Non eisiste un teatro galego; porque o pouco que hai non merez máis que un *piadoso esquecemento* senón o desprezo".

O que é unha pena, unha verdadeira disgracia, é que tais críticos se non adiquen a nos apresentaren algunhas obras propias pra podermos ver se cos seus grandes coñecimentos da literatura e do teatro, son capaces de facer algo millor do que as xa representadas con verdadeiro bon éisito. Porque iso sería verdadeiramente de máis importancia que as súas *piadosas* críticas.

E vexamos unha síntese do que se leva feito polo noso Teatro Galego. Despois que o Liceo Brigantino, da Cruña, estrenou o drama "A fonte do Xuramento", de Antonio María de la Iglesia, o 13 de agosto do 1882, chegamos ao 1903 en que se constituíu na Cruña a "Escuela Rexional de Declamación", dirixida polo actor profesional Eduardo Sánchez Miño, que debutou no Teatro Principal (hoxe Rosalía Castro) co cadro dramático ¡Filla...!, de Galo Salinas e outra peza en castelán da que me non lembro. Posteriormente estrenáronse "A ponte" (2 actos), "Minia", e "Mareiras" (ista en 3 actos), as tres en prosa, de Manuel Lugo. Fíxéronse algunhas realizazóns delas en outras cidades. Despois xurdiron dificultades, houbo diferenzas de criterios e desfíxose o conxunto. Mas, ao se constituíre a "Irmandade da Fala", na súa revista falóuse da comenencia de realizazóns teatraes.

O coro "Toxos e Frores", do Ferrol, introduxo nos seus espiáculos o recitado de algúns diálogos, de Charlón e Hermida, que tiveron boa acollida. "Cántigas da Terra", da Cruña (1917) ao debutar adoutou o mesmo sistema, ampliándoo con algunhas comedias nun acto que foron recibidas con aprauso. De "Ruada", de Ourense (1918), realizou diste xeito unhas catorce comedias do seu presidente o poeta humorístico Xavier Prado (Lameiro). "Foliadas e Cántigas", de Pontevedra, seguiu o mesmo camiño, e incruxo puxo en escena unha zarzuela, "O Pote", de Fernández Gastañaduy. "Queixumes dos Pinos", de Lavadores (Vigo), tamén aportou o seu labor do mesmo xeito. En Santiago o grupo teatral "Brisas Futuras", estrenou con grande éisito, o 17 de

xaneiro do 1918, o drama en 3 actos de Jesús San Luís, "O Fidalgo", que percorrêu en trunfo toda a Galiza.

No 25 de setembro do 1923, estrenouse na Cruña a zarzuela "Entre o deber e o querer", de Galo Salinas, con música de Jesús González e Faustino del Río, e no 1919 sube ao taboado escénico na Cruña e máis en Vigo, no mes de maio, a ópera "O Mariscal", de Cabanillas e Villar Ponte, con música do compositor cruñés Eduardo Rodríguez Losada.

Mas, o principal feito no aspeito do noso Teatro rexional, é a creazón na "Irmandade da Fala Galega", da Cruña, que se apresenta ao público no Teatro Pabellón Lino, o 22 de abril de 1919, representando "A man de Santiña", fermosa comedia do poeta Ramón Cabanillas, causando unha grande sensazón de admiración e compracencia, porque foi a primeira obra que se vía nun ambiente de señorío. Varios días subiu ao palco escénico sempre acollida con fervorosos aprausos. Iste grupo da "Irmandade da Fala" traballou na súa propia sala social durante varios anos, facendo funcións todas as tardes dos domingos e días festivos, estrenando gran número de obras en 2 e 3 actos, e de grande calidade artística señorial, das que algunhas levábanse ao Teatro Rosalía... Tamén en Vigo fixo unha gran labor a "Agrupación Dramática Galega", que realizou moitas obras das máis aprezadas. Outro grupo moi importante pola súa calidade artística foi o da Universidade de Santiago, creado por un fato de estudantes que deron vida a varias obras do vicerreitor don Armando Cotarelo representándoas en varios teatros da rexión, polo ano 1922-23. Tampouco debo esquecer os rapaces do grupo da "Irmandade da Fala", de Betanzos, que animaron a cidade coas súas realizacións teatraes, do coudal de obras galegas, nin o coro "Cántigas e aturuxos", de Lugo, que representaron a zarzuela de José Traperero Pardo, "¡Non chores, Sabeliña!", con música de Gustavo Freire, estrenada o día 11 de febreiro de 1943.


E digo eu agora: ¿Se non houber obras, ou foran tan ruíns como algúns lles apoñen, adicariase tanta xente a estudalas e representalas? ¿Iría a xente aos teatros para presenciaren as realizacións dramáticas da "Irmandade da Fala", ou calquera outro grupo das demais cidades que adoitaban realizalas?

Tristeiros, tráxicos acontecementos, acalaron as voces e actuacións dos nosos actores; pasaron anos e, ao cabo, voltamos a poder ver por dúas ou tres veces erguerse o pano dun teatro



Viñeta feita por Castelao para a sección teatral de "Lar"

TEATRO DE CÁMARA A. C. I.
DE LA CORUÑA



DANIEL CASTELAO

OS VELLÓS
NON DEBEN DE NAMORARSE

P
L
A
Z
A

D
E

T
O
R
O
S

14
A
G
O
S
T
O

1961

11 NOCHE

Cartel anunciador da obra de Castelao "Os vellos non deben de namorarse"

pra podermos apraudir o labor de algún conxunto teatral galego.

Por fin, o 31 de agosto do ano 1959, o Teatro de Cámara, da A. C. I. da Cruña, estrenou "O incerto señor don Hamlet", unha moderna obra orixinal de Álvaro Cunqueiro, e máis tarde, o 14 de agosto de 1961, a obra de Castelao "Os vellos non deben namorarse". A partir desa data, é posíbele xa reanudar a vida do Teatro Galego, inda que non hai polo de agora grandes facilidades para o lograr por falla de locáes axeitados. Mas, hai que ollar cara adiante, como acontecéu con "A noite vai coma un río", de Álvaro Cunqueiro, e algunha que outra máis de outros actores amadores como Lorenzo, Redondo, Peña, etc., aos que compre axudar e lles dar alentos.

Na autualidade, e según un catálogo que teño feito recentemente das obras representadas, pubricadas, ou coñecidas por mín, eisen:

Obras nun acto	95
fd. dous	44
fd. tres	25
fd. catro	2
fd. líricas	24
Diálogos	34
Monólogos	27
TOTAL	256

Quen quixer coñecer millor e ao detalle a marcha ascendente do noso Teatro Galego, pode ver o meu artigo "Apontamentos para a Historia do Teatro Galego, no n.º 235-240 deste Boletín, correspondente ao primeiro de outubro do 1931, ou na separata da revista "Céltiga", do Porto (Portugal) (Cadernos de estudos Galaico-Portugueses) dun meu traballo encol de "Literatura Galega", Teatro.

E pra rematar, e xa que antre as obras citadas figura a farsa de Castelao "Os vellos non deben namorarse", vou citar un caso cursidoso:

Antre as moitas obras de teatro das principáes figuras da dramática de todos os países que posúo e teño estudadas no meu aprendizado para me considerare como autor, figura unha do célebre dramaturgo austriaco Arthur Schnitzler, intitulada

“Anatol” ou a pregunta ao destino. Pois ben; nela iste autor nos presenta unha serie de conflitos amorosos en sete tempos ou escenas diferentes con distintas mulleres. Coincidencia notábele coa maneira de facer do noso Castelao na súa obra a que veño de me referir, que tamén emprega diferentes persoaxes ou figuras para cada ún dos seus tempos ou escenas de cada tempo no conxunto da súa farsada.